



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3044	Amovibles	2017/2018	6	208	208

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ GARCÍA DEUS
Outro profesorado	

Estado: Supervisada



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vehículos consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos, desmontando e montando elementos mecánicos, eléctricos e amovibles do vehículo, e executando operacións básicas de preparación de superficies, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira. Este título de formación profesional básico adaptase a demanda existente na area do barbanza, debido a cantidade de empresas dedicadas a automoción.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante/a na área de carrozaría.
- Auxiliar de almacén de recambios.
- Operario/a en empresas de substitución de cristais.
- Axudante/a na área de electromecánica.
- Operario/a de taller de mecánica rápida.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Normas de seguridade no taller de carrozaría	Uso correcto das normas de seguridade e hixiene na diferentes operacións realizadas no taller de carrocería	6	10
2	Elementos amovibles exteriores da carrozaría	Identificación, verificación e manipulación según as indicacións do fabricante dos elementos exteriores da carrocería	64	30
3	Gornecementos, sistemas de peche e elevación.	Identificación, verificación e manipulación según as indicacións do fabricante dos gornecementos, sistemas de peche e elevación.	70	30
4	Lúas e cristais	Identificación, verificación e manipulación correcta nas operacións con lúas e cristais.	68	30



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Normas de seguridade no taller de carrozaría	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso

4.1.e) Contidos

Contidos
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directivas de residuos e de envases.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elementos amovibles exteriores da carrozaría	64

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de materiais de carrozaría (aceiro, aluminio plástico, etc.) coa técnica de unión utilizada
CA1.2 Relacionáronse os tipos de unións recoñecendo as súas características en función dos métodos utilizados
CA1.3 Relacionáronse os accesorios susceptibles de ser substituídos co tipo de carrozaría e as súas características estruturais
CA1.4 Realizouse con destreza a substitución de elementos amovibles exteriores da carrozaría coas ferramentas e cos utensilios propios para cada caso, e xustificouse a técnica utilizada
CA1.5 Comprobouse que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.6 Realizouse a substitución de accesorios básicos do automóbil, aplicando os pares de aperto establecidos e segundo as recomendacións de fábrica
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.8 Igualouse a peza substituída coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas por fábrica
CA1.9 Comprobouse a calidade do traballo realizado e corríronse as anomalías detectadas
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.2.e) Contidos

Contidos
Constitución xeral dun vehículo.
0Paragolpes: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.



Contidos

Teitos solares e capotas.

Accesorios.

Unións desmontables, roscadas, remachadas e pegadas.

Cintas adhesivas e placas insonorizantes.

Unións articuladas.

Outras unións.

Portas: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Capós: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Portón traseiro e tapa do maleteiro.

Aletas dianteiras.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Gornecementos, sistemas de peche e elevación.	70

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionouse o tipo de gornecemento coa posición e os elementos que protexe
CA2.2 Relacionáronse todos os elementos que se fixan sobre o gornecemento co seu funcionamento básico e a súa unión a este
CA2.3 Realizáronse operacións de desmontaxe de gornecementos aplicando os elementos de unión adecuados (roscaxe, grampaxe, pegado, etc.) e seguindo as normas establecidas por fábrica
CA2.4 Relacionáronse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas coa súa función e coas súas prestacións no proceso de desmontaxe de gornecementos
CA2.5 Desmontouse ou substituíuse a lámina impermeabilizante e as placas insonorizantes da porta coa precaución requirida e segundo as normas establecidas por fábrica
CA2.6 Relacionouse o tipo de pechamento (mecánico, eléctrico, pneumático, etc.) coas súas características, cos elementos que o compoñen e coa súa situación no vehículo
CA2.7 Realizouse o proceso de desmontaxe da pechadura segundo os procedementos e as precaucións establecidas por fábrica
CA2.8 Realizouse a desmontaxe do elevador de cristais identificando o tipo de mecanismo de accionamento, as súas características construtivas e as precaucións que haxa que ter en conta á hora de montar o cristal
CA2.9 Executouse a fixación do cristal segundo as especificacións de fábrica e de xeito que se asegure a calidade de funcionamento
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos



Contidos

Gornecementos: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Mecanismos de pechamento e elevación.

Pechamentos.

Elevadores de cristais: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Lúas e cristais	68

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Repara e substitúe cristais pegados ou calzados no vehículo, aplicando o proceso adecuado e as instrucións específicas de fábrica	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse o tipo de cristal montado no vehículo co seu tipo de ancoraxe ou mediante a serigrafía correspondente ao datos de homologación, describindo as súas características principais
CA3.2 Realizouse con destreza o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais calzados, segundo os procedementos establecidos e en condicións de seguridade
CA3.3 Realizouse con habilidade o proceso de desmontaxe dos cristais pegados, elixindo os procedementos adecuados e a ferramenta máis conveniente
CA3.4 Realizouse con destreza o despegamento de elementos adheridos ao cristal (espello retrovisor, sensores, etc.)
CA3.5 Relacionáronse os elementos construtivos coas técnicas de desmontaxe empregadas (coitelo térmico, corda de piano, etc.)
CA3.6 Limpáronse adecuadamente e cos medios estipulados as zonas que vaian estar en contacto, e aplicáronse os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita
CA3.7 Selecciónáronse os produtos adecuados segundo os materiais que se vaian unir, tendo en conta as características de cada un e segundo as especificacións prescritas por fábrica
CA3.8 Colocouse o cristal sobre o marco do vehículo, gardando a homoxeneidade cos elementos adxacentes e segundo as cotas especificadas por fábrica
CA3.9 Realizouse a reparación de cristais laminados, identificando o tipo de dano que cumpra reparar, utilizando as resinas adecuadas e seguindo os procedementos prescritos, asegurando unha reparación de calidade
CA3.10 Comprobouse a calidade da reparación e corríronse as anomalías detectadas
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude e precisión, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.4.e) Contidos



Contidos

Cristais temperados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Cristais laminados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Reparación de cristais laminados.

Tipos de danos.

Técnicas de reparación.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.



5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

U.D. 1. Normas de seguridade no taller de carrozaría

Identificación dos riscos tanto físicos como medio ambientáis derivados das operacións propias dun taller de carrozaría.

U.D. 2. Elementos amovibles exteriores da carrozaría

Correcta identificación dos materiais da carrozaría e dos tipos de unión empregados nela.

Operar destramente nas operacións de manipulación, análise, reparación ou substitución dos elementos amovibles, seguindo as indicacións do fabricante e empregando as normas de seguridade e hixiene.

O alumno comproba a operatividade final do proceso.

O alumno recolle e almacena correctamente os residuos derivados das operacións realizadas nas diferentes operacións.

U.D. 3. Gornecementos, sistemas de peche e elevación.

O alumno identifica, analiza e opera destramente nas operacións de manipulación dos guarnecidos e dos sistemas de peche e elevación, seguindo as indicacións do fabricante e empregando correctamente as normas de seguridade e hixiene.

O alumno recolle e almacena correctamente os residuos derivados das operacións realizadas nas diferentes operacións, deixando perfectamente limpa a zona de traballo.

U.D. 4. Lúas e cristais

Identifica correctamente os diferentes tipos de lúas e cristais empregados en vehículos.

Opera destramente nas operacións de substitución de lúas e cristais, seguindo as especificacións do fabricante e empregando as normas de seguridade e hixiene.

Recolle a zona de traballo correctamente e identifica e almacena correctamente os residuos derivados das operacións de manipulación das lúas e cristais.

Criterios de cualificación:

-Probas escritas: As probas escritas valoraranse sobre 10 puntos, normalmente as probas teóricas constarán de 10 preguntas, tendo cada pregunta terá un valor de 1 punto, agás se especifique o contrario na propia proba. Copiar no exame supón a non cualificación do exame (fará media cun cero)

-Probas prácticas: As probas prácticas serán valoradas sobre 10 puntos, en función do resultado da operación (por exemplo: poner 10 remaches, cada remache ben posto terá un valor de 1 punto, etc.). Valoraranse os seguintes aspectos:

- Roupa de traballo e medidas de seguridade e prevención tanto persoais como das instalacións. (O alumno/a sen epic terá prohibida a entrada o taller).

- Uso correcto, preocupación e limpeza de ferramenta, material, equipos, utillaxe e recintos empregados.

- Mantemento do posto de traballo e medios empregados.

- Destreza e rapidez na execución.

- Iniciativa e autosuficiencia.

- Seguemento dos distintos pasos para efectualas.

- Realización de tarefas.

- Aspecto xeral do resultado da práctica.

- Traballo en grupo, axuda a compañeiros, coordinación e cooperación.

- Informe da práctica. (proceso efectuado, distintos apartados da práctica, esquema,



limpeza e claridade do informe).

Terase especial atención a que os alumnos empreguen as medidas de seguridade e hixiene, posto que a non utilización das mesmas impedirá a realización da proba. Tamén se restará un punto por: non limpar a zona de traballo, non recoller e limpar as ferramentas, non empregar unha secuenciación correcta a hora de realizar as prácticas, cada hora de mais que empregue o alumno para realizar a práctica, as actuacións que poñan en perigo a integridade física do alumno ou compañeiros de forma intencionada consideraranse falta de orde, a cales ademais de restar 0,25 na nota final da avaliación supora calificar a propia práctica cun cero.

De forma xeral restarase 0,25 puntos na nota final por cada falta de orde.

O peso da nota e do 50% para os conceptos e do 50% para os procedementos, tal como se indica nas unidades didacticas. A avaliación será valorada como positiva cando o alumno supere cun 50% da nota cada unha das partes, do contrario avaliarase a avaliación cun 4 como máximo ata que se realice a recuperación das partes suspensas.

Non se faran aproximacións nas notas de avaliación a alza, é decir, para puntuar cun 5 ten que sacar cinco ou mais, e así con todas as calificacións. Solo se aproximará a nota mais próxima na 3ª avaliación e final.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as que non superen as probas teóricas terán a posibilidade de recuperar mediante un segundo exame. Sendo de obrigado cumprimento a realización de todas as prácticas presentadas na programación para obter a suficiencia e co ánimo de respetar a diversidade de ritmos, recóllese a posibilidade de elaborar un procedemento, a estudar, en cada caso, que permita a aqueles que non remataran dentro dos prazos previstos cumprir cos obxetivos marcados.

Os alumnos/as que non superen o apartado procedemental terán a posibilidade de recuperar mediante unha proba práctica, composta de varias actividades especificadas no propio exame, o cal se podera realizar o día da recuperación teórica ou outro día.

Para a recuperación das partes suspensas o profesor ofertara a posibilidade de propoñer actividades de recuperación para facer na casa e correxir en clase ou nas horas de titoría, e nos casos prácticos tamén se oferta a posibilidade de realizar practicas especificas nas horas de clase e de titoría sempre e cando se teña dispoñibilidade das aulas-taller. Ademais informarase ó alumno da materia a recuperar e os prazos no informe individualizado para tal efecto.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as que superen unha porcentaxe determinada de inasistencia á clase, e por tanto perdan o dereito á avaliación continua terán que superar unha proba dividida en dúas partes: unha teórica e outra práctica según se establece no documento de normas de organización e funcionamento do Centro.(NOF). O NOF tamén contempla o número de faltas, tanta xustificadas como inxustificadas que conlevan a perda de dereito a avaliación continua.

Establecerase un exame final teórico que suporá o 50 % da nota cunha duración de 120 minutos e outro práctico que supora o outro 50% da nota cunha duración de 180 minutos. Ambos exames serán valorados de 1 a 10 puntos, e a puntuación de cada pregunta ira indicada no propio exame. Os exames serán postos de maneira que abarquen os criterios de avaliación que son mínimos exixibles.

As probas coincidirán en tempo e forma cos exames de probas libres, as fechas serán anunciadas como indica a norma e estarán expostas no tablón de anuncios.

Na realización da parte práctica terase especial atención o emprego das medidas de seguridade e hixiene, xa que de detectar calquer anomalía ou mal uso das mesmas supora a paralización inmediata da práctica para non por en perigo a integridade física do alumno ou alumnos a hora de realizar prácticas (posto que se require un coñecemento específico no funcionamento das ferramentas e equipos), o que suporá a calificación desa



práctica cun cero.

Para facer media os dous exames terán que ter unha puntuación igual ou superior ó 40% da nota de cada parte, é decir, cada exame de forma individual calificará de 0 a 10 puntos e para facer media o alumno terá que sacar unha nota igual ou superior a 4 puntos, do contrario a nota final do exame de P.D. non será superior a 4 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ó atoparse o centro inmerso nun sistema de calidade e estar en posesión da norma ISO, o centro ten certificados os sistemas de avaliación e xestión, someténdose todo o centro a diversas auditorias anuais tanto internas como externas, despois das cales se analizan resultados e non conformidades, elaborando propostas de mellora de correccións dos distintos parámetros non conformes, así mesmo tamén se realizaron as seguintes actuacións:

- Seguimento da programación na aplicación informática da consellería
- Sesións de avaliacións
- Reunións mensuais.
- Enquisa de acollida do alumnado
- Enquisas de satisfacción da labor docente do alumnado
- Realización de novas versións de traballo na aplicación de programacións da consellería si fose necesario
- Memorias de módulo e ciclo.
- E todas aquelas que poidan axudar a un mellor seguimento e actuacións de mellora

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente do grupo presidido polo titor, realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes dos alumnos discapacitados ou con necesidades educativas especiais.
- e) Da experiencia profesional previa
- f) Da matrícula condicional do alumnado estraxeiro
- G) Da observación do alumnado nos primeiros días de clase.

E tamén dos informes de orientación dos que se dispoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo todos os acordos.

Para a realización da sesión de avaliación solicitarase toda a información que poida achegar o departamento de orientación



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

· Terase en conta a normativa que regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral .

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativo en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos.

· Solicitarase, si é posible, profesorado de apoio con coñecementos técnicos ó Departamento de Orientación.

· Realizaranse, na medida do posible, adaptacións en tanto nos contidos como na metodoloxía (fragmentación modular) segundo ás discapacidades que poida presentar o alumnado, si esta e

psíquica priorizaráanse ás operacións de mantemento mentras que si é física nas de diagnose.

. Todas estas actuacións faranse ca colaboración do departamento de orientación do centro.

De forma xeral garantirase a accesibilidade universal a formación no ciclo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os profesores do grupo teñen que garantir que o alumno alcance unha correcta adquisición dos valores cotiáns para o desempeño da súa vida tanto persoal como profesional posto que ambas van ligadas, así pois o profesor ademais da materia a impartir especificada na programación ten que incluír exemplos e recomendacións para o desempeño das súas labores profesionais tales como:

· Educación ambiental, inculcando ó alumnado a responsabilidade no tratamento de residuos do vehículo, así como na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera.

· Educación para o consumidor informando ó alumnado da situación do mercado e de prezos.

· Educación para a igualdade, inculcando ó alumnado, o compañeirismo e o respecto ó individuo e a convivencia dentro dun grupo.

· Educación para a saúde, inculcando ó alumnado as normas de seguridade e hixiene no traballo.

· Educación para autoformación e realización profesional.

.etc

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As definidas polo departamento, así mesmo intentarase facer algunha das seguintes actividades:

-visitar algunha fabrica de automóviles

-salón do automóbil.

-Charlas didácticas e probas en circuito de vehículos e os seus controis.

-Visita a algúnha frabrica de compoñentes do automóbil, ou de fabricación mecánica.

A programación da actividade farase no formato especificado no plan de calidade do centro, e adaptarase as características da empresa ou empresas a visitar, posto que unha cousa son as propostas e outra moi diferente a aceptación por parte das empresas das visitas escolares ou das limitación que someten as mesmas.